

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE XUÑO DE 2024

Ás 10:40 horas do día 4 de xuño de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de maio de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** Fernando González Abeijón, representante do PP  
Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica  
Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
Pablo Varela Ballesteros, economista da Dirección de Ingresos  
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos  
María del Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Transportes  
Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 4a)  
María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 5a, 6a e 8a)  
Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Servizos Xerais (asiste aos puntos 9b e 10b)  
José Francisco Mourelle González, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) (emenda)**



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria le o nome do licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co mesmo. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de maio de 2024, na mesma data, concedeuse un prazo de tres días a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. para que emendasen a documentación persoal. En concreto, debía presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que dera resposta, na Parte IV "Criterios de selección" á pregunta, "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección - Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos. Indique la respuesta", xa que no DEUC presentado non figuraba a devandita pregunta e, polo tanto, tampouco a resposta á mesma.

O devandito licitador presenta documentación en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335) (emenda)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de maio de 2024, na mesma data, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PREMIUMCOVER, S.L. que, debía presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que aclarase se acudía a esta licitación con solvencia de terceiros ou non, xa que no DEUC presentado, á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" do apartado C, da parte II, contesta que non pero presenta Anexo III co compromiso de achega de solvencia da mercantil GESTIONTICKETS.ONLINE, S.L. Asemade, en caso de basearse na capacidade deste terceiro, facíase necesario que presentara o DEUC correspondente da mercantil que aporta a solvencia, asinado polo seu representante, tal e como establece a cláusula 14.3.a) do PCAP ("Así mesmo, nos casos nos que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas, deberá incluír o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego e cada unha delas deberá presentar un DEUC.").
2. THE TICKET COMPANY, S.L. que debía presentar novo Anexo III asinado polo



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 2 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



representante da empresa que vai aportar as solvencias, xa que no presentado non hai constancia dixital da sinatura, presentar o DEUC da mercantil que se presenta a esta licitación, THE TICKET COMPANY, S.L., asinado polo seu representante e presentar novo DEUC da mercantil que aporta a solvencia, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L., asinado polo seu representante, no que aclarara a resposta á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" do apartado C, da parte II, xa que, no DEUC presentado, indicaba que si se presenta con terceiros á licitación pero, pola documentación que consta, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L. é o terceiro que aporta solvencia.

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. PREMIUMCOVER, S.L.
2. THE TICKET COMPANY, S.L.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. PREMIUMCOVER, S.L.
  2. THE TICKET COMPANY, S.L.

### c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. SACAFERRO, S.L.
  2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.

### 3. Apertura das proposicións avilables mediante xuízo de valor (procedementos abertos)



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 3 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10155-335)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**4. Apertura administrativa e das proposicións avaliables mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de combustible gasóleo c para o Parque Central do Servizo de Extinción de Incendios (7040-213)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre único (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

|   | Licitador              | Porcentaxe de desconto ofertada polos licitadores sobre o prezo de referencia do gasóleo |
|---|------------------------|--|
| 1 | ESERGUI DISTESER, S.L. | 4,18 %   |
| 2 | GASOLEOS AMIGO, S.L.   | 1,10 %   |



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 4 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores e, en consecuencia, acórdase por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. GASOLEOS AMIGO, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
  1. ESERGUI DISTESER, S.L. En concreto deberá presentar:
    - Novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante, no que figuren completadas a *Parte III: Motivos de exclusión* e a *Parte IV: Criterios de selección*, xa que no DEUC presentado so figuran os títulos destes apartados sen contido algunho.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11812-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola arquitecta técnica aparelladora o 27 de maio de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes .

En vista do devandito informe, a Mesa acorda, tamén por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. en virtude dos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) e a cláusula 14.3.B) do PCAP que indica que "A Mesa, en resolución motivada, excluír da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias: (...) A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6A das FEC.", xa que a licitadora presenta dous documentos nos que declara, por un lado, que "(...) NO PRESENTA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCION TECNICA DA OBRA PARA LA OFERTA (...)" e, por outro, que "(...) NO PRESENTA PLAN DE AFORRO ENERXETICO E PROGRAMA DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS PARA LA OFERTA (...)" sendo a Memoria Construtiva e o Plan de Aforro Enerxético e Programa de Actuacións Medioambientais, o contido establecido para o sobre B nos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 5 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**6.- Apertura das proposicións avaliábeis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11812-307)**

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

|   | Licitador                      | Prezo sen IVE |
|---|--------------------------------|---------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 144.346,14 €  |

Asiste como público á apertura:

1. Begoña Rivas Baltar, en representación de Federación Gallega de la Construcción

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:

|   | Licitador                      | Prezo sen IVE |
|---|--------------------------------|---------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 60,00 puntos  |

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliábel mediante xuízo de valor (39,60 puntos), a puntuación total é a seguinte:

|   | Licitador                      | Criterios xuízo valor | Criterios fórmula | Puntuación total |
|---|--------------------------------|-----------------------|-------------------|------------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 39,60                 | 60,00             | 99,60            |

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de xuño de 2024, de REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. en virtude dos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) e a cláusula 14.3.B) do PCAP que indica que "A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias: (...) A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6A das FEC.", xa que a licitadora presenta dous documentos nos que declara, por un lado, que "(...) NO PRESENTA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCION TECNICA DA OBRA PARA LA OFERTA (...)"



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 6 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



e, por outro, que "(...) *NO PRESENTA PLAN DE AFORRO ENERXETICO E PROGRAMA DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS PARA LA OFERTA (...)*" sendo a Memoria Construtiva e o Plan de Aforro Enerxético e Programa de Actuacións Medioambientais, o contido establecido para o sobre B nos apartados 6A e 7A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do "X Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (11812-307) na seguinte orde descendente:

|   | Licitador                      | Puntuación total |
|---|--------------------------------|------------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 99,60            |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

**8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 16 de maio de 2024, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

**- Lote I: Plan de Autoprotección do Nadal**

1. S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L.

**- Lote II: Servizo de Coordinación de Actividades Preventivas de Seguridade e Saúde durante as campañas do Nadal**



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 7 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## 1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación os seguintes licitadores:

### - Lote I: Plan de Autoprotección do Nadal

1. S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L.

### - Lote II: Servizo de Coordinación de Actividades Preventivas de Seguridade e Saúde durante as campañas do Nadal

1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato e o 27 de maio de 2024 o enxeñeiro industrial emitiu informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúe o seguinte:

### - Lote I: Plan de Autoprotección do Nadal

*"No informe de xustificación da oferta presentada pola empresa MARE NOSTRUM, non diferencian o tipo de horas (normais ou extraordinarias), nin o número de horas que dedicará o técnico ao contrato (...) Así mesmo, o informe xustificativo non fai referencia aos custes adicionais que suporán as horas extraordinarias.*

*Segundo o anteriormente indicado, considérase a criterio do técnico que subscribe que o informe de viabilidade presentado pola empresa MARE NOSTRUM referente á baixa económica presentada (sobre C) para o Lote I do expediente de referencia, non xustifica suficientemente o importe da oferta realizada."*

### - Lote II: Servizo de Coordinación de Actividades Preventivas de Seguridade e Saúde durante as campañas do Nadal

*"No informe de xustificación da oferta presentada pola empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L non indican o número de horas que dedicarán a cada unha das tarefas descritas no prego técnico.*

*Segundo o anteriormente indicado, considérase a criterio do técnico que subscribe que o informe de viabilidade presentado pola empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L, referente á baixa económica presentada (sobre C) para o Lote II do expediente de referencia, non xustifica suficientemente o importe da oferta realizada."*

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Excluir deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

### - Lote I: Plan de Autoprotección do Nadal

1. S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L.

### - Lote II: Servizo de Coordinación de Actividades Preventivas de Seguridade e Saúde durante as campañas do Nadal





Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial o 29 de maio de 2024 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial e a técnica de xestión o 29 de maio de 2024 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

**10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro industrial o 27 de maio de 2024:

1. S.P.R.L. MARE NOSTRUM, S.L.
2. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de



|  |  |                |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 9 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106) na seguinte orde descendente:

**- Lote 1. Plan Autoprotección**

|   | Licitador                                      | Puntuación total |
|---|--|------------------|
| 1 | PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. | 100              |

**- Lote 2. Coordinación de Seguridade e Saúde**

|   | Licitador                       | Puntuación total |
|---|---------------------------------|------------------|
| 1 | ATENEA, S.A.U.                  | 87,00            |
| 2 | AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. | 45,09            |

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1) e ATENEA, S.A.U. (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar, asemade, a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP para cada un dos lotes, respectivamente.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 10 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (53229-444) na seguinte orde descendente:

|          | Licitador                        |
|----------|----------------------------------|
| <b>1</b> | <b>IBERDROLA CLIENTES S.A.U.</b> |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberase acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

## 11. Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/as membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a EDNON, S.L. en 13 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais, e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figura no certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia a certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Seguridade Social e ATRIGA) e, no expediente, o certificado positivo das obrigas tributarias co Concello de Vigo

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 11 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 19 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de conmutadores para a rede de datos municipal, no que constan:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 02/10/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/11/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Memoria económica do contrato de data 22/11/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Anexo 1 de data 18/12/2022 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.*

*- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 19/12/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos da mesma data.*



**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 03/01/2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 490.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 85.041,32 €, dende o 1 de abril de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| exercicio | concepto                       | Partida/Proxecto  | Base         | IVE         | Total        |
|-----------|--------------------------------|---|--------------|-------------|--------------|
| 2024      | MEDIOS INFORMÁTICOS E SWITCHES | 9207.6260000/<br>23920700<br>(Adquisición de medios informáticos) | 202,479.34 € | 42.520,66 € | 245,000.00 € |
| 2025      | MEDIOS INFORMÁTICOS E SWITCHES | 9207.6260000/<br>23920700<br>(Adquisición de medios informáticos) | 202,479.34 € | 42.520,66 € | 245,000.00 € |

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de abril de 2024, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. ASAC COMUNICACIONES, S.L.
2. GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A.

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na presente sesión, de data 13 de maio de 2024, de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113) na seguinte orde descendente:

|   | LICITADOR   | PUNTOS TOTAIS |
|---|---|---------------|
| 1 | EDNON, S.L.   | 88.15         |
| 2 | SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC)                       | 85.00         |
| 3 | TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U. | 32.00         |

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 13 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5E do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., o día 13 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida os días 22 e 24 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da licitadora, o apoderamento do seu representante, a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e os certificados positivos de débedas da Seguridade Social, AEAT e ATRIGA.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran no no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (283.471,08 €), presentan as contas do ano 2021 nas que o importe neto da cifra de negocios supera a cantidade indicada.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (343.000,00 € e certificación NIVEL MEDIO do ENS), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera a cantidade indicada e a documentación acreditativa de estar en posesión da Certificación de Nivel Alto do ENS segundo o sinalado no artigo 2.3 do ENS (Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade) e na Instrución Técnica de Seguridade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5E do Anexo I -FEC-.
- Seguro de caución por un importe de 20.247,93 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 14 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de abril e 8 de maio de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**"Primeiro.-** Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de abril de 2024, de ASAC COMUNICACIONES, S.L. e GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC- do PCAP:

**Segundo.-** Adxudicar a EDNON, S.L. o procedemento aberto para a contratación do



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 15 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

**Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO  
DE VIGO**



*subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 490.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.041,32 euros.*
- b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de core ou nodo central é do 1,00 %.*
- c) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de CPD é do 1,00 %.*
- d) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF é do 0,50 %.*
- e) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 48 portos POE é do 19,45%.*
- f) *A porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 24 portos POE é do 7,13%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**b) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a CLECE FS, S.L. en 13 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva. Asemade, presenta os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT e coa Seguridade Social), figurando no expediente os certificados positivos de débedas co Concello de Vigo e ATRIGA.

Revisada a documentación presentada, a Mesa acorda por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días a CLECE FS, S.L. para que poida emendar a documentación presentada. En concreto deberá presentar:

- Os anexos IV e V do PCAP, asinados dixitalmente pola súa representante, xa que non figuran entre a documentación presentada.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa “Vigo en Festas” (10115-335)**



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 16 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. en 16 de maio de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, presenta o certificado positivo de débedas da TGSS e figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa "Vigo en Festas" (10115-335)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa "Vigo en Festas".*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 22 de abril de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 22 de abril de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 92.899,54 €, sendo o valor estimado do contrato de 240.914,60 €, por estar exento de IVE con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 17 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa “Vigo en Festas” (10115-335) na seguinte orde descendente:

|   | Licitador                     | Puntuación total |
|---|-------------------------------|------------------|
| 1 | AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. | 100,00           |

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L., o día 16 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida os días 21, 24 e 28 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (32.514,84 €), presentan o modelo 200 do Tributo de Sociedades do ano 2022 no que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (32.514,84 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención do importe da garantía no prezo do contrato.
- Certificado positivo de débedas da TGSS.



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 18 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de xuño de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L., de acordo co acordo da Mesa de Contratación, de data 16 de maio de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa "Vigo en Festas" (10115-335) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 92.899,54 euros, IVE exento.*



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 19 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



- b) *A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 7,50 %.*
- c) *Mellora no equipamento de persoal sanitario co que conta a ambulancia soporte vital básico (SVB) esixida para espectáculos a partir de 2.000 espectadores coa achega dun (1) médico/a.*
- d) *Substitución da segunda ambulancia esixida para espectáculos de aforo superior ás 10.000 persoas, ambulancia tipo B, SVB (soporte vital básico) por unha ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



|  |  |                 |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 30/06/2024 21:20           | Páxina 20 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A2AC53-A3E8CF-EB4744-FXWLAN-R74R4C-FD |                 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |                 |